



Despois de 10 anos de denuncias continuadas, realizadas pola CIG-SAÚDE, o PP agora vai solicitar do goberno do estado que elimine a taxa de reposición.

Non o fixo durante os anos no que o PP gobernou en Madrid, non lle importou o dano que estaba a facer á sanidade pública e as/os profesionais que nela traballan.

Ao contrario, durante estes 10 anos aproveitou a situación para eliminar postos de traballo. A Consellaría de Sanidade nos anos 2012/13 publicou dous Planos de Ordenación de RRHH con un único obxectivo: xubilar a todo o persoal que cumpría 65 anos.

No caso do persoal facultativo esta medida ía acompañada dunha diminución das prazas MIR que se convocaron durante estes anos. De aí a falta de pediatras e outras/os profesionais.

## Cantas prazas faltan por convocar no SERGAS na Oferta de Emprego?

| OFERTAS DE EMPREGO DOS ANOS 2012, 2013, 2014 e 2015. (Taxa reposición) |                       |                      |                     |
|------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----------------------|---------------------|
| Ano da oferta                                                          | Prazas convocadas OPE | Nº total de vacantes | Prazas sen convocar |
| 2012                                                                   | 176 prazas (10%)      | 1.760 prazas         | 1.584 prazas        |
| 2013                                                                   | 287 prazas (10%)      | 2.870 prazas         | 2.583 prazas        |
| 2014                                                                   | 167 prazas (10%)      | 1.607 prazas         | 1.440 prazas        |
| 2015                                                                   | 344 prazas (50%)      | 688 prazas           | 344 prazas          |
| <b>TOTAL</b>                                                           | <b>974 prazas</b>     | <b>6.925 prazas</b>  | <b>5.951 prazas</b> |

Máis o PP e a Consellaría de Sanidade seguen instaurados na súa mentira e na súa falta de transparencia, negándose a:

- Negociar na Mesa Sectorial un **Plano de Ordenación de Recursos Humanos** que permita identificar as necesidades de persoal nos próximos anos, atendendo ao nº de xubilacións que se van producir.
- Negociar un **sistema identificativo de Prazas** que permita coñecer con exactitude o cadro de persoal do SERGAS: persoal fixo, interino ,eventual. Así como a situación das prazas: nº de prazas estruturais cubertas con persoal eventual, necesidade de novas dotacións de prazas.



O Conselleiro de Sanidade anuncia que, se o goberno suprime a taxa de reposición, vai **convocar no ano 2020 a maior Oferta Pública de Emprego no SERGAS: 3.500 prazas.**

Fállalle a memoria, a maior oferta foi no ano 2008/09. Nesta convocáronse **3.939 prazas**, entre outras **602 prazas de médica/o de familia**. Unha recomendación, mire a web do SERGAS antes de falar:

<https://extranet.sergas.es/OPEWB/OPE/ListadoCategorias.aspx?Edicion=08/09&seccion=0&IdPaxina=60100&idioma=ga>

### Mais as contas seguen sen dar: transparencia Sr. Almuíña e Sr. Feijóo!

|                                                                                                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Que ASEVEROU Feijóo no parlamento de Galiza, dependendo do día?                                                                                           | <ul style="list-style-type: none"><li>• Día 29 de xaneiro: <b>2.500 profesionais</b> máis traballando na sanidade pública.</li><li>• Día 29 de xaneiro, 2ª intervención: <b>máis de 4.000</b> novos profesionais traballando na sanidade pública.</li><li>• Día 5 de febreiro: <b>máis de 3.400</b> profesionais traballando na sanidade pública.</li></ul> |
| Se Feijóo dí que vai haber máis de 4.000 novos profesionais traballando na Sanidade Pública, como van convocar unha oferta de emprego de só 3.500 prazas? |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |

### Cal debería ser a Oferta Pública de Emprego do SERGAS?

|                                                            |                                                      |                                       |
|------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|---------------------------------------|
| Prazas sen convocar pola Taxa de reposición: 5.951 prazas. | Prazas de nova creación segundo Feijóo: 4.000 prazas | <b>Total:</b><br><b>9.951 prazas.</b> |
|------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|---------------------------------------|

### Que non nos mintan!

Se realmente queren convocar **a maior OPE da historia** e que responda ás prazas que se deixaron de convocar pola taxa de reposición máis as que anuncian de nova creación, **terían que convocar 9.951 prazas.**